

COMUNICADO DE PRENSA

O CARBALLIÑO 3/10/16

O PARTIDO POPULAR DO CARBALLIÑO INSTA AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE PRIME A SEGURIDADE SOBRE O ESPECTACULO E RECORDA QUE O CENTRO DO POBO NON VALE PARA TODO TIPO DE ACTIVIDADE.

PIDE QUE CANDO SEXA NECESARIO COMO NESTA FIN DE SEMANA PASADA, COA PROBA DAS MOTOS, SE PIDA AUTORIZACIÓN AOS COMERCIOS AFECTADOS DA ZONA, OU CANDO MENOS SE LLES COMUNIQUE PREVIAMENTE.

Durante a tarde do venres e principalmente o sábado pola mañá, puidose ver como algunhas rúas do centro do Carballiño, estiveron cun tráfico inusual de camións que transportaban pedras, troncos e diversos materiais para ser colocados e poder facer na tarde-noite do sábado unha exhibición de motocrós.

Non existiu ningún protocolo estable que fixera separar aos viandantes dalgún destes transportes e das súas maniobras, e durante as probas de exhibición os elementos de separación entre a zona de circulación e a zona de público non tiñan a consistencia que deberían de ter nin para os participantes e moito menos para o público, podéndose apreciar nalgún caso unha distancia de menos de 1 metro entre unha persoa sentada nunha terraza respecto dunha moto en circulación durante a exhibición.

Non existía policía local suficiente, que tivo que atender durante o sábado pola mañá cunha única patrulla ao montaxe da exhibición de motos e á concentración de coches na praza da Veracruz (por certo, recordamos cando decían que non se podían xuntar dous eventos na mesma fin de semana, e agora o fan coincidir ata no día), nin existían voluntarios suficientes de

Protección civil cando ademáis ambos corpos xa habían anticipado ao propio Concello que non contaban con medios suficientes para atender a todo o que se requería.

As rúas máis céntricas do pobo cortaronse durante a xornada do sábado, e foi moi perxudicial principalmente para o comercio da zona, ademáis de producir moitos inconvinientes a moitos deles coa rotura incluso dalgún letreiro comercial.

Non todo pode valer para facerse no entorno da praza maior do Carballiño. Esta actividade non se podía ter permitido polo risco que leva consigo.

Noutros anos, a organización deste evento, se ceñía á percorridos por Pena Cobertoira, e montes adxacentes, e á súa zona de control era básicamente no núcleo de Mesego, e os restaurantes estaban de igual forma con moteiros ceando, os bares de copas tamén tiñan a presenza dos afeccionados e participantes e os hoteis tiñan tamén o cartel de completos.

Esperamos que acontecementos como estes non se volvan a producir, sen contar ao cen por cen coa seguridade precisa e co consenso de todos os que poidan ser afectados.